

CIRCULAR INICIO DE CURSO 2020-2021 PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

Ben queridas familias,

Dirixímonos a vós para ofrecervos instrucións de cara ao inicio do curso, que, como xa sabedes, require a colaboración de todos/as para ofrecer un espazo seguro.

Seguindo as instrucións da Consellería de Educación, unha das novas medidas foi a incorporación gradual do alumnado aos centros educativos pero como xa sabedes, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, anunciou onte o adiamento nunha semana do inicio de curso en Secundaria, quedando así:

- **1º y 2º ESO: 23 setembro**
- **3º ESO e BACHARELATO: 24 setembro**
- **4º ESO e FPB: 25 setembro**

Por outra banda, gustaríanos compartir con vós algunhas das medidas e actuacións que seguiremos desde o inicio do curso.

MEDIDAS COVID-19

- O colexio contará cun Equipo COVID-19, que coordinará todas as actuacións específicas derivadas da emerxencia sanitaria. Este equipo está constituído por:
 - Alejandra Tábaos Mascuñana (directora): Coordinadora COVID.
 - Paloma Fernández López (profesora da FPB): Interlocutora coa Administración Educativa e Sanitaria.
 - Patricia Fernández Gonzalez (maestra de Ed. Infantil): Comunicadora do Plan á Comunidade Educativa. Interlocutora co Centro de Atención Primaria de referencia. Interlocutora coas familias afectadas por un posible caso de COVID.
- Antes de acudir ao colexio, cada alumno/a ou as súas familias, responderán a unhas cuestións de autoavaliación, segundo fixa o Protocolo establecido pola Xunta de Galicia, enviadas por correo electrónico.
 - A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.
 - O alumnado con calquera sintomatoloxía non pode acceder ao centro educativo e deberá comunicalo ao equipo COVID por email: cpr.sanmiguel2@edu.xunta.es

CIRCULAR INICIO DE CURSO 2020-2021 PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.
- Cada alumno deberá vir provisto dun kit que conteña máscara de repostro, funda ou estoxo, xel hidroalcohólico e panos desbotables. Traer tamén outra funda non plástica para gardar a máscara no momento da merenda.
- Será necesario que as familias envíen ao titor/a un nº teléfono **operativo en todo momento**, dalgún familiar ou persoa de referencia para presentarse no centro á maior brevidade no caso de que os síntomas aparezan durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo.
- Tense habilitado un espazo específico de uso individual no centro para illar aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado.

COMUNICACIÓNS FAMILIA-CENTRO

- A comunicación coas familias realizarémola de forma telemática –plataforma G SUITE, ABALAR e páxina WEB. Todas as familias deberán descargar a aplicación ABALAR no seu teléfono móbil.
- A primeira reunión dos titores cos pais poderá ser presencial ou telemática.
- Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.
- O primeiro día de clase o alumno/a entregará ao titor/a unha DECLARACIÓN RESPONSABLE (colgada na web do centro), que deberá vir **asinada** polos pais/nais/titores legais do alumno/a.
- Así mesmo, o primeiro día de clase os alumnos deberán traer asinada a AUTORIZACIÓN para saír sos do centro ((colgada na web do centro), acompañada da fotocopia do DNI do ambos proxenitores que ostenten a patria potestada.
- **ENTRADAS-SAÍDAS**
- Haberá diferentes entradas ao centro dos diferentes cursos, con horarios graduais de entradas e saídas. O alumnado sairá en orde alfabética.
- A entrada será en fila e gardando a distancia de seguridade de 1,5 metros.

CIRCULAR INICIO DE CURSO 2020-2021 PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

- As familias que queiran acompañar aos seus fillos/as permanecerán na entrada do centro o tempo imprescindible para recollelos e deixalos, co fin de non formar aglomeracións.
- Recomendamos que o alumnado sexa acompañado por un único responsable, que non poderá entrar ás zonas interiores do colexio.
- Non poderán entrar nas zonas interiores do colexio.
- Ademais, pregamos **máxima puntualidade** no cumprimento de horarios.
- Está prohibido entrar/saír por outra porta que non sexa a asignada.
- Nas diferentes entradas ao centro, haberá xel hidroalcohólico.

ORGANIZACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS				
Cursos	ENTRADAS		SAÍDAS	
	HORA	PORTA	HORA	PORTA
1º ESO	8:35	Pérez Bellas	14:00	Seara
2º ESO	8:20	Pérez Bellas	14:05	Seara
3º ESO	8:25	Pérez Bellas	14:05	Seara
4º ESO	8:25	Pérez Bellas	14:00	Seara
2º BACH 1º FPB INF. OFICINA	8:45	Tomás Alonso	14:10	Tomás Alonso
1º e 2º FPB INF. COMUNICACIÓN	8:50	Tomás Alonso	14:15	Tomás Alonso

NAS AULAS

- Cada clase disporá de xel hidroalcohólico, panos desbotables, materiais de desinfección e papeleiras de pedal.
- Nas aulas garantirase a correcta ventilación, seguindo as pautas marcadas no protocolo da Xunta de Galicia, e tamén se extremarán as medidas de desinfección.
- O alumnado estará sentado de forma individual e en sitios fixos, mantendo a distancia de 1'5 metros. Neste punto, aínda estamos esperando novas instrución por parte da Consellería.
- Extremarase a orde nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo.
- Poderase deixar material escolar no pupitre de cada alumno. O primeiro día de clase poden traer algún caderno e estoxo.

CIRCULAR INICIO DE CURSO 2020-2021 PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

NORMAS PARA O ALUMNADO

- Velarase por unha rigorosa hixiene individual: lavado frecuente de mans (de non ser posible con auga e xabón, empregárase o xel desinfectante).
- Todo o material deberá vir identificado co nome e apelidos do alumno/a (libros, cadernos, estoxo, lapis, bolígrafos, mochila, roupa, botella de auga, etc.). Cabe recordar que non se pode compartir ningún material, senón que será de uso exclusivo e individual, cumprindo así coa normativa.
- Deberán traer a merenda nun recipiente lavable (tupper). Neste mesmo recipiente deberán gardar os restos e residuos da súa merenda (papel aluminio, envoltorios, envases...). O alumnado merendará na aula nos seus pupítre.

NO CENTRO

- O uso dos baños e a súa limpeza estarán supervisados cumprindo o protocolo oficial.
- Para que os desprazamentos polo centro se fagan de xeito ordenado, o colexio ten indicacións direccionais marcadas no chan mantendo a distancia de seguridade.

RECREOS

- A baixa ao patio e a subida ás clases realizárase de forma ordenada, escalonada e segura.
- Delimitáranse diferentes zonas de recreo para cada clase creando novos espazos para este uso e reforzando a presenza de profesorado para a vixilancia dos mesmos.
- Prohíbese o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos.

COMEDOR

- O servizo de comedor comezou o seu funcionamento o xoves día 10 de setembro e estará habilitado para o alumnado fixo e non poderán beneficiarse do servizo o alumnado eventual, é dicir, aqueles que queiran utilizalo terán que facelo de luns a venres.
- O aforo é limitado polo que se establecerán quendas.
- Os alumnos terán sitios fixos mantendo as distancias de seguridade.

CIRCULAR INICIO DE CURSO 2020-2021 PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

- O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia con grupos separados por 1,5 metros.
- A recollida será ás 15:00h e ás 15:30h pola rúa Seara.

AULA DE MADRUGADORES

- O servizo de madrugadores (dende as 7:45 h) comezou o seu funcionamento o xoves día 10 de setembro. Ao igual co servizo de comedor, estará habilitado para o alumnado fixo e non poderá beneficiarse do servizo o alumnado eventual.
- A entrada será pola porta de Educación Infantil (Rúa Seara).

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E SAÍDAS

- O inicio das actividades extraescolares retrasarémolas ata recibir novas instrucións.
- Suspenderase todas as celebracións grupais e saídas escolares.

Estamos a traballar para facer do colexio un entorno seguro e comfortable, á vez que se cumpran de modo rigoroso todas as prevencións e medidas de actuación necesarias xa que a prioridade é a saúde. Todas as medidas e instrucións poderán verse modificadas en función das novas disposicións que marquen dende a Xunta de Galicia.

Este curso supón un reto para todos, polo que rogamos a vosa colaboración no cumprimento das medidas e instrucións ofrecidas dende o centro. Somos conscientes das inquedanzas que poidades ter e/ou das dificultades que vos poidan xurdir á hora de acatar as medidas establecidas, pero confiamos na capacidade de todos os que conformamos a comunidade educativa para adaptarnos ás novas circunstancias que requiren un esforzo e vontade por parte de cada un de nós.

Grazas pola vosa colaboración

Atentamente,

O equipo directivo e o profesorado